

## **NOTA DE PRENSA**

# **Un seminario do COPG analiza as consecuencias psicolóxicas que poden padecer as vítimas de desastres**

---

*Santiago de Compostela, 27 de novembro de 2014.-* O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia programa para a tarde do 28 de novembro o seminario “Consecuencias psicolóxicas en víctimas de desastres”. Trátase dunha actividade formativa destinada a profesionais da psicoloxía, que será impartida por María Paz García Vera, catedrática do Departamento de Psicoloxía Clínica da Universidad Complutense de Madrid (UCM).

A sesión é teórica-práctica e está orientada a describir as posibles consecuencias psicolóxicas que presentan as vítimas ante os distintos tipos de catástrofe e de perdidas. Os/As asistentes analizarán os diferentes desastres e como poden afectar ás persoas que os viven, así como as técnicas psicolóxicas que demostran maior eficacia no seu tratamento.

O seminario está dirixido aos/as colexiados/as, con prioridade de asistencia para os integrantes do Grupo de Intervención Psicológica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE), pertencente ao COPG. Este equipo de especialistas leva 17 anos traballando con persoas afectadas por situacións debidas a accidentes, inundacións, naufraxios, desaparicións, secuestros, situacións de violencia, etc.

### **A docente**

Catedrática no Departamento de Psicoloxía Clínica da Universidade Complutense de Madrid, María Paz García Vera dirixe desde hai tres anos un proxecto de investigación sobre o *Seguimento psicológico das vítimas do terrorismo e a efectividade dos tratamentos psicológicos*, colaborando coa Asociación de Víctimas do Terrorismo e financiado polo Ministerio de Ciencia e Innovación.

Na actualidade traballa ademais como colaboradora na investigación e xestión de catástrofes a nivel internacional coa Universidade de Miami, no *Center for Disaster & Extreme Event Preparedness*, xunto co Profesor James Shultz.

García Vera ten participado en 40 proxectos de investigación, dirixindo 15 deles e entre os que destaca os contratos levados adiante coa Cruz Vermella, para o seguimento das vítimas de accidentes e catástrofes.

### **Saúdos,**

Se desexan **ampliar a información**, contacten co **departamento de comunicación** do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia:

Eliana Martíns  
686 994 089  
Raquel Miranda  
634 599 932  
[comunicacion@copgalicia.org](mailto:comunicacion@copgalicia.org)

Espiñeira, 10-Baixo  
15706 Santiago de Compostela  
Tfno.: 981 534 049 / Fax: 981 534 983  
[www.copgalicia.es](http://www.copgalicia.es)  
[copgalicia@cop.es](mailto:copgalicia@cop.es)